

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

- 14113** *Real decreto 1270/2018, do 15 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 200/2000, do 11 de febreiro, polo que se aproba o regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais, no relativo aos requisitos que deben cumprir os materiais de reprodución de determinados xéneros e especies de *Palmae* con respecto ao organismo nocivo *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier).*

O organismo nocivo *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier) foi detectado na maioría dos territorios ameazados da Unión e chegouse á conclusión de que este está agora presente nunha parte considerable do territorio da Unión. En consecuencia, a Decisión 2007/365/CE da Comisión, pola que se adoptan medidas de emerxencia con respecto a *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier) foi derogada pola Decisión de execución (UE) 2018/490 da Comisión.

Rhynchophorus ferrugineus (Olivier) provoca graves danos aos vexetais das especies hóspedes pertencentes á familia *Palmae*, con excepción dos vexetais cun diámetro do talo na base inferior a 5 cm.

Estas especies vexetais están presentes en moitas zonas da Unión Europea, onde se plantan en grandes cantidades con fins ornamentais e revisten grande importancia económica e ambiental.

Por tanto, procede establecer determinados requisitos específicos para garantir a calidade do material de reprodución de determinados xéneros e especies de *Palmae*, que son os que se comercializan máis habitualmente na Unión e que presentan risco de seren infestados polo dito organismo nocivo en caso de que non se cumpran estes requisitos. Os devanditos requisitos deben incluír condicións específicas de cultivo ou tratamento deste material, así como a condición de que estea libre de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier).

Esta norma, pois, ten por obxecto adecuar a nosa normativa á da Unión Europea, co fin de incluír nela os requisitos que deben cumprir os materiais de reprodución de determinados xéneros e especies de *Palmae* con respecto a *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier), establecidos pola Directiva de execución (UE) 2018/484 da Comisión, do 21 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 93/49/CEE no relativo aos requisitos que deben cumprir os materiais de reprodución de determinados xéneros e especies de *Palmae* con respecto a *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier), para cuxa transposición resulta necesario modificar o mencionado Real decreto 200/2000, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais, no relativo aos requisitos que deben cumprir os materiais de reprodución de determinados xéneros e especies de *Palmae* con respecto a *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier), de modo que se incorporen determinados requisitos específicos co fin de garantir a calidade do material de reprodución de determinados xéneros e especies de *Palmae*, que son os que se comercializan máis habitualmente na Unión Europea (palmeira de azucre, coco...) e que presentan risco de seren infestados por este organismo nocivo, en caso de que non se cumpran.

Por outro lado, debe sinalarse que na transposición da Directiva 98/56/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais mediante o mencionado Real decreto 200/2000, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais, empregouse no artigo 5.3.a) o termo «material inicial» en relación co material de reprodución de cítricos ornamentais. Posto que este termo se corresponde cunha categoría comercial de plantas froiteiras que non existe

no material de reprodución de plantas ornamentais, substitúese agora polo termo «planta nai», que non implica categoría comercial como o anteriormente empregado, co fin de axustar a terminoloxía empregada nel.

A norma dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.ª da Constitución. A regulación básica efectúase mediante real decreto dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa da Unión Europea.

Así mesmo, o fundamento legal da norma áchase na disposición derradeira segunda da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, pola que se autoriza o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

A presente norma axústase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e respecta os criterios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. En efecto, os principios de necesidade e eficacia tivéronse en consideración posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir, e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, en canto que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e transparencia, ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Industria, Comercio e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de outubro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 200/2000, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais.*

O Real decreto 200/2000, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais, queda modificado como segue:

Un. A letra a) do artigo 5.3 queda redactada da seguinte maneira:

«a) Procederán dunha planta nai que, tendo sido sometida a análise, non mostrase síntomas de ningún virus ou organismo similar a un virus, nin de ningunha enfermidade.»

Dous. Engádese o seguinte o artigo 5 bis:

«Artigo 5 bis. *Materiais de reprodución de Palmae.*

Os materiais de reprodución de *Palmae* pertencentes aos xéneros e ás especies indicados no anexo e que teñan un diámetro do talo na base superior a 5 cm deberán cumprir un dos seguintes requisitos:

a) Ter sido cultivados en todo momento nun lugar de produción situado nunha zona declarada libre de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier) polo servizo oficial

responsable, de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias pertinentes;

b) Ter sido cultivados nos dous anos previos á súa comercialización nun sitio dentro da Unión Europea con protección física completa fronte á introdución de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier), ou nun sitio dentro da Unión en que se aplicaron tratamentos preventivos adecuados con respecto a ese organismo nocivo; ser sometidos a inspeccións visuais, ao menos unha vez cada catro meses, que confirmen que están libres de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier).

O presente artigo aplicarase sen prexuízo das normas sobre zonas protexidas adoptadas en virtude do artigo 2.1 h) e do artigo 5.3 da Directiva 2000/29/CE.»

Tres. No anexo insírese a seguinte listaxe de xéneros ou especies despois da correspondente a «*Narcissus* L.» do cadro:

Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades
<i>Palmae</i> , no que respecta aos xéneros ou especies que se indican a continuación:	Insectos, ácaros e nematodos en todas as súas fases de desenvolvemento.
<ul style="list-style-type: none"> – <i>Areca catechu</i> L. – <i>Syagrus romanzoffiana</i> (Cham.) Glassman – <i>Arenga pinnata</i> (Wurmb) Merr. – <i>Bismarckia</i> Hildebr. & H.Wendl. – <i>Borassus flabellifer</i> L. – <i>Brahea armata</i> S. Watson – <i>Brahea edulis</i> H.Wendl. – <i>Butia capitata</i> (Mart.) Becc. – <i>Calamus merrillii</i> Becc. – <i>Caryota maxima</i> Blume – <i>Caryota cumingii</i> Lodd. ex Mart. – <i>Chamaerops humilis</i> L. – <i>Cocos nucifera</i> L. – <i>Corypha utan</i> Lam. – <i>Copernicia</i> Mart. – <i>Elaeis guineensis</i> Jacq. – <i>Howea forsteriana</i> Becc. – <i>Jubaea chilensis</i> (Molina) Baill. – <i>Livistona australis</i> C.Martius – <i>Livistona decora</i> (W.Bull) Dowe – <i>Livistona rotundifolia</i> (Lam.) Mart. – <i>Metroxylon sagu</i> Rottb. – <i>Roystonea regia</i> (Kunth) O.F. Cook – <i>Phoenix canariensis</i> Chabaud – <i>Phoenix dactylifera</i> L. – <i>Phoenix reclinata</i> Jacq. – <i>Phoenix roebelenii</i> O'Brien – <i>Phoenix sylvestris</i> (L.) Roxb. – <i>Phoenix theophrasti</i> Greuter – <i>Pritchardia</i> Seem. & H.Wendl. – <i>Ravenea rivularis</i> Jum. & H.Perrier – <i>Sabal palmetto</i> (Walter) Lodd. ex Schult. & Schult.f. – <i>Trachycarpus fortunei</i> (Hook.) H.Wendl. – <i>Washingtonia</i> H.Wendl. 	– <i>Rhynchophorus ferrugineus</i> (Olivier)

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogada a Orde ARM/605/2009, do 6 de marzo, pola que se establecen medidas específicas para a aplicación da Decisión 2007/365/CE da Comisión, do 25 de maio de 2007, pola que se adoptan medidas de emerxencia para evitar a introdución e

propagación na comunidade de «*Rhynchophorus ferrugineus*» (Olivier) e medidas especiais de protección.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante o presente real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva de execución (UE) 2018/484 da Comisión, do 21 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 93/49/CEE no relativo aos requisitos que deben cumprir os materiais de reprodución de determinados xéneros e especies de *Palmae* con respecto a *Rhynchophorus ferrugineus* (Oliver).

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO